

Actividade: Glosario

Que é?

A actividade de Moodle Glosario é unha potente ferramenta de aprendizaxe capaz de axudar aos participantes (profesorado e alumnado) a crear e manter glosarios e incluír estes dentro dos cursos.

Dende un punto de vista máis amplo, un glosario pode verse como un *repositorio* de información estruturada. Nese repositorio ou base de datos, podemos almacenar definicións de termos e conceptos do noso curso (coma se fose un dicionario) ou agrupar artigos máis ou menos extensos (coma se fose unha enciclopedia). Tamén poderíamos manter unha lista de preguntas e as súas correspondentes respostas (como as típicas FAQ).

Aquí aparecerán todos os conceptos que vaiades recollendo nos glosarios de tema.

Buscar Buscar texto completo


Engadir unha nova entrada

[Ver por categoría](#) [Consultar por data](#) [Buscar por Autor](#)

Explorar o glosario utilizando este índice


[Especial](#) | [A](#) | [B](#) | [C](#) | [D](#) | [E](#) | [F](#) | [G](#) | [H](#) | [I](#) | [J](#) | [K](#) | [L](#) | [M](#) | [N](#) | [Ñ](#)
[O](#) | [P](#) | [Q](#) | [R](#) | [S](#) | [T](#) | [U](#) | [V](#) | [W](#) | [X](#) | [Y](#) | [Z](#) | [TODAS](#)

Á





Átomo
por [Alberto Abadín Cid](#) - Sábado, 24 de Novembro de 2012, 17:31

Segundo J. Dalton, son as unidades máis pequenas indivisibles que forman calquera substancia. Porén, non son tan indivisibles. Hoxe en día sabemos que están formados por subpartículas: protóns, neutróns e electróns. Os protóns e electróns están formando o núcleo arredor do cal xiran os electróns.



Hai átomos distintos que se diferencian nalgunha das súas propiedades e que se poden combinar formando moléculas. Os elementos químicos están formados por átomos iguais ou do mesmo tipo.

Palabras chave:


Glosario principal cunha entrada importada dun glosario secundario. O símbolo - permítenos eliminala se o consideramos oportuno.

Os glosarios poden ser creados por calquera usuario con diferente finalidade. Por exemplo, un profesor ou unha profesora pode definir un glosario para presentar os conceptos e termos máis importantes do seu curso, e poñelo a disposición dos estudantes, os cales poderían tamén facer as súas achegas. Tamén podemos encargarnos aos estudantes que elaboren un glosario entre todos. Podería servir de punto de colaboración durante todo o curso. A cada estudante podémoslle asignar un termo, unha definición ou un comentario. Cando eles mesmos son responsables de crear definicións, é máis

probable que recorden o concepto. Neste caso, a actividade tería unha dobre finalidade: experimentar unha ferramenta colaboradora que axuda no seu desenvolvemento (proceso) e conseguir un documento de referencia e consulta (produto final). Dado o carácter creativo e participativo da actividade, as entradas do glosario poderían ser avaliadas (polo profesor/a, ou tamén por outros estudantes) e asignarlles unha cualificación.

Os conceptos do glosario poden ser enlazados automaticamente de xeito que onde aparezan, sempre que sexa dentro da contorna do curso e de Moodle (etiquetas, páxinas web ou de texto, preguntas, etc), poderá premerse neles accedendo ao contido do glosario.

Pode ser moi interesante non limitar a posibilidade de que o alumnado vaia creando entradas de glosario dos conceptos que descoñece, a medida que estuda os contidos. Poderemos avaliar así a súa capacidade de buscar e seleccionar a información máis relevante na internet. Isto pode xerar que as entradas aparezan duplicadas, triplicadas, etc segundo o número de alumnos e alumnas que decidan traballar un concepto. Para evitar este problema nas ligazóns automáticas, Moodle ten a posibilidade de crear un glosario principal para todo o curso (de administración única do profesorado) e glosarios secundarios que poden ser creados para cada tema. O alumnado creará entradas nos secundarios e o profesor ou profesora seleccionará aqueles para incorporalos ao principal que fará as ligazóns automáticas.







Hai átomos distintos que se diferencian nalgunha das súas propiedades e que se poden combinar formando moléculas. Os elementos químicos están formados por átomos iguais ou do mesmo tipo.

Palabras chave:

Entrada exportada

B

Bioelemento: Os bioelementos ou elementos bioxénicos son os elementos químicos presentes en seres vivos. A materia viva está construída por uns 70 elementos, a práctica total dos elementos estables que hay na Terra, excepto os gases nobles. No obstante, ao redor do 99% da masa da maioría das células está constituída or catro elementos, carbono(C), hidróxeno (H), osíxeno(O) e nitróxeno (N) que son moito máis abundantes na materia viva na corteza terrestre.

1 Comentario    

Cualificar...

Glosario secundario. Vemos unha entrada xa exportada ao glosario principal e outra que non. O símbolo + permítenos exportala se o consideramos oportuno.

Como crear un glosario

Para crear un novo glosario procederemos igual que para o resto das actividades. Activamos o modo de edición e, a continuación, seleccionamos Glosario da lista despregable "engadir unha actividade" na sección que nos interese. Os glosarios son moi flexibles, polo que o formulario de configuración contén numerosas opcións.

Configuración xeral dun glosario

En primeiro lugar, veremos os parámetros de axustes xenerais deste formulario:

- ✓ **Nome:** como sempre, é o texto que aparecerá na sección e co que quedará enlazado o glosario. Pódense incluír marcas ou etiquetas HTML para resaltar parte ou a totalidade do nome.
- ✓ **Descrición:** é un texto breve pero informativo que resume as características deste glosario particular, o seu propósito e o tipo de material que contén. Este campo dispón do editor HTML, así que será doado introducir estilos, táboas ou imaxes. Porén, é recomendable manter este sumario de forma moi resumida.
- ✓ **Entradas por páxina:** configura o número de entradas (palabras, conceptos, termos...) que os estudantes verán cando accedan á lista do glosario, en cada pantalla (ou páxina). O propósito deste límite é non ter que desprazar a ventá do navegador arriba e abaixo se hai moitas entradas e a páxina faise moi longa.
- ✓ **Este é o glosario global?:** os glosarios globais son accesibles dende todos os cursos. Só os administradores poden crear este tipo de glosarios. Pódense crear tantos glosarios globais como desexemos, e poden pertencer a calquera curso.
- ✓ **Tipo de glosario:** establece se o glosario é **principal**, é dicir, só editable polo docente e só pode engadirse un por curso, ou **secundario**, que poden importarse dentro do principal e poden incorporarse tantos como se desexen. Se queremos que os estudantes poidan engadir e cambiar entradas, o glosario deberá ser necesariamente de tipo secundario.
- ✓ **Permitir entradas duplicadas:** determina se será posible engadir entradas duplicadas, que utilicen o mesmo termo clave, pero con distintas explicacións do concepto.
- ✓ **Permitir comentar as entradas:** os profesores e as profesoras sempre poden engadir comentarios ás entradas do glosario, pero se activamos esta opción, tamén os estudantes poderán facelo. Os comentarios están accesibles mediante un enlace ao final da definición. Así poden ser unha ferramenta extremadamente útil para fomentar a interacción e exercitar o espírito crítico (e a aceptación de críticas).
- ✓ **Permitir vista impresión:** pódese permitir que os estudantes usen a vista de impresión do glosario. Os docentes poden utilizar esta vista sempre.
- ✓ **Ligar automaticamente entradas do glosario:** activando esta funcionalidade permitiremos que as entradas individuais sexan enlazadas automaticamente cando aparezan no resto do mesmo curso. Isto inclúe mensaxes nos foros, recursos, etc. Se non desexamos que un texto en particular sexa enlazado (por exemplo, nunha pregunta dun cuestionario) entón deberemos encerrar o texto entre as etiquetas <nolink> e </nolink>. Os nomes das categorías tamén son enlazados.
- ✓ **Aprobar por defecto:** se permitimos aos estudantes incorporar e editar entradas do glosario, agora podemos elixir se estas entradas se incorporarán automaticamente ou se deben ser previamente aprobadas polo profesor ou profesora.
- ✓ **Formato de visualización:** esta variable define a forma en que se mostrará cada entrada dentro do glosario. Podemos elixir entre os seguintes formatos:
 - *Completo con autor:* un formato semellante ao dos foros, que mostra a información do autor de cada entrada. Os arquivos adxuntos aparecen como enlaces.
 - *Completo sen autor:* un formato semellante ao dos foros, que non mostra a información do autor de cada entrada. Os arquivos adxuntos aparecen como enlaces.

- *Continuo sen autor*: presenta as entradas unha despois da outra sen outra separación que as iconas de separación, pero en orde cronolóxica. Non resalta os termos das entradas
- *Enciclopedia*: semellante a Completo con autor pero no que as imaxes adxuntas móstranse en liña. Cada entrada nun bloque propio, cunha cabeceira indicando autor (con foto) e data. As imaxes adxuntas aparecen inseridas no texto. As entradas ordénanse alfabeticamente e agrúpanse por iniciais.
- *FAQ*: útil para presentar listas de Preguntas Frecuentemente Respondidas. Automaticamente engade as palabras *Pregunta* e *Resposta* no concepto e a definición respectivamente. Este formato non mostra o autor e as entradas agrúpanse por letra inicial.
- *Lista de entradas*: só se mostra un listado coas entradas. Cada entrada é un enlace á información que contén.
- *Simple, estilo dicionario*: o glosario móstrase como un dicionario convencional, cos termos das entradas resaltados, ordenado alfabeticamente e agrupadas as entradas por iniciais. Non se mostra a ningún autor e os arquivos adxuntos aparecen como enlaces.

Xeral

Nome*

Descrición*

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U ~~S~~ x₂ x²

Aquí aparecerán todos os conceptos que vaiades recollendo nos glosarios de tema.

Camión:

Entradas por páxina*

Tipo de glosario

Permitir entradas duplicadas

Permitir comentarios nas entradas

Permitir vista de impresión

Ligar automaticamente entradas de glosario

Aprobar por defecto

Formato de visualización

Mostrar ligazón Especial

Mostrar alfabeto

Mostrar TODAS as ligazóns

Editar sempre

- ✓ **Mostrar ligazón especial**: podemos personalizar a forma en que un usuario pode realizar buscas no glosario. A función de busca por categoría ou data sempre está dispoñible, pero tamén

podemos definir outras tres opcións. Unha delas corresponde a este parámetro, que habilita a busca con caracteres especiais como @, #, etc. As outras opcións descríbense a continuación.

- ✓ **Mostrar alfabeto:** indica se se mostrarán na interface as letras A-Z para localizar entradas alfabeticamente.
- ✓ **Mostrar todas as ligazóns:** habilita que todas as entradas do glosario lle sexan mostradas ao usuario dunha vez.
- ✓ **Editar sempre:** aquí pode especificar se os estudantes poderán engadir e cambiar entradas do glosario. Se se habilita, todos os estudantes poderán engadir entradas, pero só poderán cambiar ou borrar as súas propias, non as creadas por outros compañeiros. Pode activalo e posteriormente inactivalo para dar por pechado ou completo o glosario.

En canto á sección de Cualificacións, podemos destacar:

- ✓ **Permitir a cualificación das entradas:** activa ou non a cualificación das entradas do glosario. Cando esta opción está activada habilítase a posibilidade de configurar o resto dos parámetros desta sección.
- ✓ **Usuarios:** determina quen pode cualificar as entradas, só o docente ou tamén os estudantes. Non hai autoavaliación.
- ✓ **Cualificación:** indica a escala de cualificación que se utilizará na avaliación. Pódense utilizar as escalas cuantitativas e cualitativas xa definidas ou calquera outra personalizada definida dende o bloque de Administración.
- ✓ **Restrición temporal:** pode establecer un intervalo temporal restrinxido para realizar as avaliacións. Por exemplo, despois de dar o glosario por completado e pechado. Este intervalo activarase pulsando sobre a casa dispoñible neste lugar e seleccionando as datas concretas desexadas.

Exemplo de utilización dun glosario

As Ciencias están cheas de conceptos novos de difícil comprensión ás veces, polo que facer un glosario de conceptos básicos da materia do curso parece o máis axeitado, tendo en conta que á definición do concepto podemos engadir calquera contido multimedia (imaxes, animacións, vídeos, etc.) que axude á súa comprensión. Se a isto lle engadimos a posibilidade de que o alumnado faga as súas propias entradas decidindo que concepto dos contidos, que nós lle presentamos e non logran entender, queren traballar en beneficio propio e dos demais, teremos unha actividade moi completa: colaborativa, motivadora, formadora, etc.

Crearíamos entón un glosario principal na sección ou tema 0 e tantos glosarios

Xeral

Nome* Glosario do tema1

Descrición* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B

Inclúide aqueles conceptos que descoñezades ou que son difíciles de entender.

Camión:

Entradas por páxina* 10

Tipo de glosario ? Glosario secundario

Permitir entradas duplicadas ? Si

Permitir comentarios nas entradas ? Si

Permitir vista de impresión ? Si

Ligar automaticamente entradas de glosario ? Non

Aprobar por defecto ? Si

Formato de visualización ? Simple, estilo de dicionario

Mostrar ligazón Especial ? Si

Mostrar alfabeto ? Si

Mostrar TODAS as ligazóns ? Si

Editar sempre ? Non


secundarios como temas. Configuraríamos os secundarios permitindo a duplicidade de entradas, os comentarios, a aprobación por defecto pero impedindo a ligazón automática e a edición sempre (establecendo as datas de inicio e peche do glosario).

En canto á cualificación deberíamos activala indicando que só o profesorado pode cualificar as entradas. *No caso de facer unha actividade valorativa de traballos tipo posters, collages ou fotografías, teríamos que escoller "todos poden cualificar entradas" para que o alumnado puntúe os traballos dos compañeiros e compañeiras.* A escala de cualificación a utilizar poderíamos creala nós para facilitar o proceso de avaliación. Podería ser unha cualificación cualitativa tipo: mal, regular, ben, moi ben.

Cualificación

Permitir a cualificación de entradas? Utilizar cualificacións

Usuarios

Cualificación 

Restrinxir as cualificacións para as entradas con data neste intervalo:

De

para